

PRODUCTOS QUÍMICOS NA CASA E NO COLE

Os produtos químicos están presentes en moitas das actividades que realizamos ó longo das nosas vidas: no traballo, no fogar e na escola: pegamentos, produtos de laboratorio, vernices, pinturas, produtos de limpeza, insecticidas, etc.

Ademais dos problemas de saúde que poden acarrear, a meirande parte son auténticas bombas anti ecolóxicas, que anque os perdamos de vista non desaparecen ó tiralos polos desaugadoiros. É imprescindible ler e seguir as pautas das súas etiquetas.

PROPOSTA PARA O PROFESORADO

A1- Cántos produtos temos á man:

(Antes de entregar as fichas)

✍ Divídese a pizarra en 3 columnas:

Casa - centro - lecer ou extraescolares.

Pídese ó alumnado que aporten en voz alta os diferentes produtos químicos que hai habitualmente en cada lugar anotándoos na columna correspondente.

✍ Por parellas, clasifícanse os produtos, segundo o seu propio criterio, en inofensivos e perigosos, engadindo en qué consiste o perigo.

✍ Comentario sobre quen ten costume de ler a etiqueta dun produto antes de usalo ou dun alimento antes de tomalo. Conclusións.

A2- Traballando coa ficha.

Entrega das fichas por parellas.

✍ 1. As etiquetas dos produtos:

Lectura e comentario do contido dunha etiqueta e da necesidade de ler antes de usar.

✍ 2. Pictogramas das etiquetas:

Unir con frechas cada debuxo coa palabra que representa o risco determinado. Posta en común con comentarios e solución correcta.

(Neste orden: explosivo, perigoso para o medio ambiente, nocivo ou irritante, tóxico, corrosivo, inflamable, comburente)

✍ 3. O significado dos Pictogramas:

Elixir a palabra á que corresponde cada definición. Posta en común con comentarios e solución correcta. (Neste orden: tóxicos, nocivos, corrosivos, inflamables, comburentes, perigoso para o medio ambiente, explosivos, irritantes)

A3- Investigando etiquetas.

Hai que traer da casa etiquetas e/ou envases valeiros e limpos, de produtos de limpeza, esprais... Insistir que non os collan pola súa conta se non que os pidan a alguén adulto.

✍ Recoller por escrito para cada produto, nome, marca, uso, instrucións, precaucións, composición, datos da empresa e outras informacións de interese. (Ver punto 1 da ficha) Posta en común con comparacións e comentarios sobre o contido das diferentes etiquetas.

A4- medidas de protección.

Segundo o apartado de precaucións de cada produto, deducir qué consellos de protección lle darían ás persoas que traballan con cada un deles (lubas, gafas protectoras, mascarilla, ventilación ...)

A4: Os desaugadoiros conducen á depuradora.

"Ás veces unha soa gota de produto químico contamina miles de litros de auga matando bacterias e outros seres vivos"

"O que cae polo desaugadoiro, chega á depuradora onde hai bacterias que se alimentan dos desfeitos orgánicos para devolver ó río a auga limpa"

✍ Con estas e outras frases o alumnado debe sacar conclusións propias sobre a utilización dos produtos. Conclusións e realización de cartaces con frases para expor na aula e no centro.